



ANUNCIO

A Alcaldía, con data 06-03-2024, ditou a Resolución 246/2024 que a continuación se transcribe:

"RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: APROBACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA A COBERTURA DE POSTOS TÉCNICO/A SUPERIOR DE IGUALDADE (ÁREA XURÍDICA), MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE, COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A, GRUPO A1, NO CONCELLO DE VIMIANZO

EXPTE.: 2023/E001/000011

ANTECEDENTES

1. Por Resolución de Alcaldía núm. 1725/2023 de data 11/12/2023 aprobáronse as bases para a realización dun proceso selectivo, mediante concurso-oposición libre, para a creación dunha bolsa de traballo para a cobertura de postos de técnico/a superior de igualdade (área xurídica) para o Concello de Vimianzo, para o desenvolvemento das funcións e tarefas específicas da especialidade profesional correspondente, como funcionario/a interino/a.
2. Por Resolución de Alcaldía núm. 54/2024 do 23/01/2024 aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas ao proceso selectivo, a composición do tribunal e a data da primeira xuntanza deste.
3. Publicouse no taboleiro da sede electrónica do Concello de Vimianzo o anuncio do Tribunal coas datas das probas o día 24/01/2024 e estas realizáronse os días 06/02/2024 e 08/02/2024.
4. Constan no expediente as actas do tribunal dos días 23/01/2024, 06/02/2024, 08/02/2024, 20/02/2024 e 27/02/2024. Na última consta a proposta para a Alcaldía, condicionada a non presentación de reclamacións que alteren as puntuacións outorgadas.
5. O día 28/02/2024 publicouse no taboleiro da sede electrónica do Concello de Vimianzo o anuncio coas puntuacións das fases de oposición e concurso e a proposta para a Alcaldía de bolsa de traballo. Confírmase, mediante o informe do funcionario de Rexistro, que ten data do 04/03/2024, que non se produciu ningunha reclamación no prazo outorgado.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Tense en consideración a base nove, que regula a constitución da bolsa de traballo, e as atribucións da Alcaldía dadas polo artigo 21.1.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local (LBRL).

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a seguinte bolsa de traballo para a cobertura de postos de técnico/a superior de Igualdade (área xurídica) para o Concello de Vimianzo, para o desenvolvemento das funcións e tarefas específicas da especialidade profesional correspondente, como funcionario/a interino/a:

	EXPTE. TEDEC	DNI*	APELIDOS	NOME	PUNTOS
1ª	2023/E002/000072	***7463**	CAMEAN CALVETE	SILVIA	62,15
2ª	2024/E002/000001	***5643**	LAZO FUENTES	XIOMARA E.	58,00
3ª	2024/E002/000003	***2680**	SANTOS LAGO	LUCÍA	53,50

[...]"

Vimianzo, un de abril de 2024

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez